

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Temporada 2026/2027



Tempo de teatro

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centrodramatico.xunta.gal

Xa se me ocorreu un argumento para un relato breve: unha rapaza vive á beira dun lago, libre e feliz, coma unha gaivota, pero chega un home e mátaa por lecer.

A gaivota, ensaio aberto

Eurídice entra no inframundo e todo ao redor parece chuvia e pedra, como se o esquecemento fose unha presenza física.

Eurídice

Tedes que saber que Sargadelos foi e é un lugar peculiar, un lugar máxico. Sarga significa sagrado. Delos é lugar. Sargadelos é un lugar sagrado cheo de historias que deberían ser protexidas e coidadas.

Isto tamén é Sargadelos



ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	06
1_PRODUCIÓN.....	07
NO KINGS, VOL. I. MOLESTIA	
A GAIVOTA, ENSAIO ABERTO	
LESS DRAGQUEENS AND MORE CHUNORRIS!	
DOLCE FAR NIENTE	
AUTO DA BARCA DO INFERNO	
A CULPA	
E SE O MEU CORAÇÃO PARAR	
SACRA	
ISTO TAMÉN É SARGADELOS	
EURÍDICE	
XELMÍREZ	
AS CATRO ESTACIÓNS	
AQUÍ NON PAGA NINGUÉN	
PREMIO FUNDACIÓN MANUEL MARÍA	
2_EN REPOSICIÓN.....	24
A SERIE CLOPEN	
MEMORIAS DUN NENO LABREGO	
HAMLET	
3_APOIO Á DRAMATURXIA.....	32
4_CDGLAB.....	37
5_ACCESIBILIDADE.....	39
6_ACCIÓN NO TERRITORIO E XIRAS.....	40
7_ACCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN.....	41
8_RESIDENCIAS.....	42
9_EXHIBICIÓN.....	43
10_MEDIACIÓN E SERVIZO EDUCATIVO.....	44
11_SOSTIBILIDADE.....	45
12_PUNTO DE ENCONTRO.....	46

TEMPO DE TEATRO

Eo tempo preguntoulle ao tempo, e o tempo canto tempo ten? Pois dálle tempo ao tempo que o tempo sen tempo non vén. O teatro, coma moitas cousas na vida, precisa de tempo aínda que ás veces este non acompañe. A temporada 2025/2026 foi histórica para o Centro Dramático Galego, cun dos niveis de asistencia máis altos dos máis de 40 anos da institución. O lema da anterior temporada fora "O teatro é o encontro".

Por este motivo, a temporada 2026/2027 constitúe un enorme desafío. O desafío de repensar o que facemos. De repensar os procesos e as formas de facer. Nos últimos anos traballamos para, na medida do posible, adaptar os tempos de produción ás necesidades artísticas, tentando tecer uns puntos de encontro entre os tempos da administración e os tempos da creación que non sempre teñen bo acomodo. E por iso abrimos novas liñas de traballo, de creación, de tempos de residencia, tempos de mentoría, tempos de encontro. Tempos necesarios e tempos diferentes para cada proposta.

Tamén repensamos os tempos de exhibición. Hai proxectos que permanecen en cartel ata oito semanas consecutivas e outros que como unha estrela fugaz só se poden ver en contadas ocasións. Porque cada un ten o seu tempo e os seus tempos. E dicimos tempos porque hai proxectos que volven. Que se repoñen. Porque o teatro é unha arte efémera e nos tempos da obsolescencia programada pode que repoñer un espectáculo, darlle unha nova vida, sexa un acto político de resistencia. O teatro, precursor da obsolescencia programada, repichándose contra o seu propio ser.

Tamén está o tempo dos espectáculos. O tempo en que se programan. E pasamos a programar ás 18h. E ás 12h da mañá. E pasamos a programar todo o ano. Teatro no outono, na primavera, no inverno e no verán. E pasamos a programar calquera día da semana. E leva tempo atopar eses tempos. Pero os tempos son chegados. É tempo de volver a xuntarse, é TEMPO DE TEATRO.

1. PRODUCCIÓN

Desde *Eurídice* ata *Isto tamén é Sargadelos*, desde *Auto da barca do inferno* ata *A gaivota, ensaio aberto*, o Centro Dramático Galego presenta na temporada 2026/2027 un programa amplo e vibrante. Composto por propostas que exploran os conflitos do presente desde novas linguaxes escénicas, como *No Kings, Vol. I. Molestia, Dolce Fare Niente* ou *A culpa*, a temporada afonda nas relacións humanas, a precariedade, a identidade e os límites da realidade.

A programación achega *A Gaivota, ensaio aberto* nunha nova lectura do clásico de Chékhov construída desde a colaboración internacional. E *Less Dragueens and More Churroris!*, unha proposta irreverente para cuestionar os estereotipos e reivindicar a diversidade.

Está o *Auto da Barca do Inferno*, que revisita un dos grandes textos do teatro ibérico, e *E se o meu corazón parar*, unha viaxe íntima arredor da vida, da perda e da memoria.

Temos *Sacra*, unha reflexión sobre o patrimonio e os sarifícios; *Eurídice*, que vove ao mito clásico desde unha mirada contemporánea, e *Isto tamén é Sargadelos*, que converte un dos grandes símbolos da historia industrial e cultural de Galicia nunha materia de reflexión escénica.

No ano Xacobeo, *Xelmírez* recupera a figura de Diego Xelmírez e o histórico espolio das reliquias de Braga . Está tamén *As catro estacións*, unha viaxe poética sobre o paso do tempo e a existencia, e *Aquí non paga ninguén*, a célebre comedia de Dario Fo.

A programación complétase coa produción gañadora de *Xuventude Crea Teatro Pro 2026* e co *Certame de proxectos teatrais Manuel María*, que fortalece a relación entre dramaturxia, literatura e creación escénica.

NO KINGS

VOL. I: MOLESTIA

a partir de textos de William Shakespeare

Centro Dramático Galego en coprodución co Teatro Nacional de Luxemburgo
e o Teatro São Carlos de Lisboa

Estrea: 3 de setembro de 2026 na Cidade da Cultura de Galicia

Funcións 4 de setembro de 2026

Proxecto creado ao abeiro das residencias Descartes da Cidade da Cultura de Galicia

O rei Xoán errante
deambula sen descanso,
atrapado nun espazo de
incerteza no que a
realidade e a palabra se confunden. Só,
entre ruínas de poder e memoria,
procura respostas que xa non chegan,
mentres o seu monólogo se converte nun
fluxo de dúbida, culpa e desesperación.

A partir deste personaxe de Shakespeare,
a peza explora a caída do poder e a
fraxilidade da autoridade, nun

exercicio escénico onde a voz do rei se
desprega como pensamento en crise,
sen certezas nin saída clara, só co eco
persistente da súa propia pregunta.

O proxecto terá catro partes, cada
unha delas a estrear en cadanseu
teatro coprodutor entre setembro de
2026 e marzo de 2027.

Equipo artístico

Dramaturxia: Florian Hirsch e Nuno Cardoso

Dirección: Nuno Cardoso

Escenografía: Fernando Ribeiro

Produción: Carla Miranda

Elenco

Indivial Collective



A GAIVOTA, ENSAIO ABERTO

de Antón Chejov

Centro Dramático Galego en coprodución con Crémilo, Colectivo 84, Teatro San Martín de Buenos Aires (Arxentina), INAE, FIDAE, Teatro del Galpón (Uruguai).

Estrea: 1 de outubro de 2026 no Salón Teatro

Funcións no Salón Teatro: 2, 3 e 4 de outubro de 2026

Proxecto creado dentro de las residencias ARTISTEA do Concello de Ponteareas e as residencias DESCARTES da Cidade da Cultura de Galicia e a colaboración do Padroado de Cultura de Narón e o Ministerio de Cultura de Cabo Verde.

Que acontece cando, a apenas un día da estrea de A Gaivota, as actrices principais teñen que ser substituídas?

A peza parte desta situación límite para construír un dispositivo profundamente teatral: un ensaio aberto que se transforma en espectáculo, onde fragmentos da obra de Chejov se entrelazan con experiencias persoais. A realidade e a ficción acaban por confundirse diante do público.

Nina, unha moza noviña que soña con ser actriz e Arkádina, diva do teatro da época. Axúdaas outra actriz, a que fai do que Chejov colocou no dramatis personae como "Moza".

As tres actrices comparten o clásico de finais do século XIX e debullan os seus paralelismos co presente e cos temas universais: a dimensión das actrices dentro do teatro e das mulleres dentro da sociedade, o ocaso dunha época histórica e o xurdimento dun mundo novo e descoñecido, o amor, a creación... Chejov en estado puro.

Equipo artístico

Dirección e dramaturxia: Santiago Cortegoso e Neto Portela

Vestuario: Saturna

Movemento: Rosy Timas

Espazo sonoro e composición musical: Jeff Hesney e Xosé Lois Romero


Espazo escénico e iluminación: Centro Dramático Galego

Técnica: Amelia Poyato

Asistencia de produción: Santi Romay

Elenco

Déborah Vukušić, Mercedes Castro, Uxía Suevos



LESS DRAGQUEENS AND MORE CHUNORRIS!

de Afonso Becerra

Centro Dramático Galego en coprodución con ALÓproduccións

Estrea: 20 de setembro de 2026 no Teatro Rosalía Castro da Coruña

Función no Salón Teatro: 16 de outubro de 2026

Dous homes deciden espirse —literal e simbolicamente— diante do público para cuestionar as masculinidades que herdamos. *Less Dragqueens and more ChuNorris!* é un espectáculo que transita entre a comedia, o circo e as varietés para explorar, desde o humor e o afecto, os límites e contradicións do "macherío". A peza combina retranca, provocación e reflexión para abrir un espazo onde o

ridículo, a vulnerabilidade e a tenrura conviven coa crítica á chamada "machosfera" e ás violencias asociadas ás masculinidades tóxicas. Entre números escénicos, confesións e accións performativas, os intérpretes propoñen unha revolución pequena pero necesaria: revisar os códigos cos que fomos educados e imaxinar outras maneiras de relacionarnos.

Equipo artístico

Dirección e dramaturxia: Afonso Becerra de Becerreá

Idea orixinal: Alberte Bello

Dirección de movemento: Estefanía Gómez

Espazo escénico: Alberte Bello

Asistente de espazo escénico: Noa Iriarte

Espazo sonoro: ALÓproduccións

Iluminación: Alberte Bello e Noa Iriarte

Vestuario e caracterización: Alberte Bello

Asistente de vestuario e caracterización: Sergio B.

Carpintero Imaxe gráfica e multimedia: Diego Seixo

Producción: ALÓproduccións

Elenco

Alberte Bello, Dani Blanco



DOLCE FAR NIENTE

de Lucía Satta

Centro Dramático Galego en coprodución con Desattada

Estrea: 11 de outubro de 2026 no Salón Teatro

Proxecto presentado no CDGLab2025. Gañador do 1º premio Xuventude Crea 2025.

Equipo participante na Academia 2026 da Unión de Teatros de Europa con estadias en Roma, Sofía, Praga e Tesalónica. Creado ao abeiro das residencias Descartes da Cidade da Cultura de Galicia.

Unha cociña que parece
unha vitrina
-ou unha vitrina que
parece unha
cociña-, dúas empregadas, un forno,
dúas pantallas e duascenas pizzas
Nunha quenda de traballo caótico.

teatral irreverente e astuta, na que a
realidade e a ficción -ou soño- se
solapan e desdebuxan para deixarnos
entrar nas mentes das protagonistas
e ser testemuñas e cómplices da súa
realidade, cortada por un mesmo
patrón: é imposible permitirse soñar.

Estes son os compoñentes máis básicos
de *Dolce far niente*, unha experiencia

Equipo artístico

Dirección e dramaturxia: Lucía Satta

Elenco

Jorge Destar, Ana Oca



AUTO DA BARCA DO INFERNO

de Gil Vicente

Centro Dramático Galego en coprodución co Teatro Nacional São João

Estrea: 12 de novembro de 2026 no Teatro Nacional São João (Porto, Portugal)

Funcións no TNSJ ata o 13 de decembro

Funcións no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela: 16 e 17 de xaneiro de 2027

Despois de morreren, un Fidalgo, un Usureiro, un Parvo, un Zapateiro, un Frade, unha Alcoviteira, un Correxedor, un Procurador, un Aforcado e catro Cabaleiros chegan a un peirao e atopan un Anxo e un Demo, que os transportarán ao seu derradeiro destino: o Paraíso ou o Inferno? Que lle din ao Anxo para convencelo de que os leve ao desexado Paraíso? Como intentan escapar do Demo? E que terán feito realmente en vida para merecer un ou outro destino? O Teatro Nacional São João convidou a Marta Pazos, directora de escena, escenógrafa, artista visual e figura central da escena

contemporánea para reactivar o exultante legado do Auto da Barca do Inferno (1517), de Gil Vicente, unha peza fundamental do repertorio teatral portugués, con máis de cincocentos anos de vixencia.

Nesta revisitación dos anxos e dos demos vicentinos, a artista convoca a danza e as artes visuais, propoñéndonos un espectáculo colorido e luminoso, unha festa dos sentidos capaz de reavivar toda a potencia popular do auto.

“Á barca, á barca, boa xente, que queremos dar á vela! Chegade a ela!”

Equipo artístico

Dirección: Marta Pazos

Coreografía: Victor Hugo Pontes

Escenografía: F. Ribeiro

Vestuario: Agustín Petronio

Espazo sonoro e composición musical: Hugo Torres

Deseño de iluminación: Nuno Meira

Deseño de sonido: Joel Azevedo

Asistencia de dirección: Joana Neto

Elenco

Ana Afonso Lourenço, Carla Bolito, Daniel Silva, Gaya de Medeiros, Guilherme Leal, Joana Carvalho, José Santos, Marco Olival, Patrícia Queirós, Pedro Almendra, Pedro Frias, Tiago Araújo.



de María Solar

Centro Dramático Galego en coproducción con Estudo Momento

Estrea: 7 de novembro de 2026 no Teatro Jofre de Ferrol

A manda, unha empregada de banca de Santiago, recibe unha sorprendente herdanza dunha descoñecida multimillonaria arxentina, Mirtha Val. Xunto á súa parella Enric, viaxa a Bos Aires para descubrir os motivos dunha decisión tan inesperada. Nun apartamento cheo de recordos da antiga artista, atopan un diario que os conduce

a unha investigación marcada por segredos, identidades ocultas e crimes esquecidos. Entre Galicia e a Arxentina, *A culpa* é un thriller teatral que explora a memoria, a emigración e o peso dos silencios que atravesan as xeracións, acompañado por unha banda sonora inspirada no universo do tango.

Equipo artístico

Dramaturxia: Xoán C. Mejuto a partir da adaptación da novela de María Solar

Dirección: Iria Ares e Xoán C. Mejuto

Escenografia e audiovisuais: Estudo Momento

Música orixinal: Gabriel Bussi

Gravación BSO: Orquesta Sinfónica de Galicia

Elenco

Iria Ares, Xoán C. Mejuto



E SE O MEU CORAÇÃO PARAR

de Patrícia Moreira

Centro Dramático Galego en coprodución con Tremor Teatro, Bengala Teatro Físico, Cia. Teatral Boccaccione e Grupo Ditirambo

Estrea: 7 de novembro no Centro Cultural Raiano de Idanha-a-Nova (Portugal)

Función no Salón Teatro de Santiago de Compostela: 17 de novembro de 2026

Co apoio da República Portuguesa – Cultura / Dirección-Geral das Artes e o Programa Iberescena. Parceiros Institucionais Centro Cultural Raiano, Municipio de Idanha-a-Nova, Associação Torre Tradições, Estufa Fria de Lisboa a Fundação GDA e a Câmara Municipal de Lisboa

E se o meu corazón parar é un espectáculo de teatro conducido pola voz de Maria Mercedes, que regresa, despois do 25 de abril, á casa abandonada da súa nai falecida para un último adeus ao lugar que a viu medrar.

Ao percorrer cada estancia, cada obxecto esquecido e cada recuncho conquistado pola vexetación, Maria Mercedes conduce o público nunha última visita guiada polas ruínas da súa memoria. A casa, lentamente

engulida pola natureza, reflicte o berro dunha vivencia comunitaria marcada polas imposicións dunha sociedade rural sometida aos preceptos da ditadura.

Nunha viaxe que oscila entre o colectivo e o individual, a degradación da casa revélase como unha poderosa metáfora da erosión do pasado en contraste coa viraxe libertaria introducida pola revolución.

Equipo artístico

Autoría, texto, creación, dirección e produción: Patrícia Moreira

Escenografía e vestuario: Daniela Cardante

Composición musical e espazo sonoro: Brais Iriarte Alonso

Música en vivo: Brais Iriarte Alonso, Karol Nurza, Joel Bacheschi, Precy

Vídeo e edición: André Matos Torres

Dirección de arte: André Matos Torres, Patrícia Moreira

Fotografía: João Pedro Leal, Luís Vila-Lobos

Grafismo: Rita António

Apoio á creación e asistencia aos ensaios: Gonçalo Martins

Elenco

Anabela Ribeiro, An González, Karol Nurza, Joel Bacheschi, Precy, Brais Iriarte Alonso



SACRA

de Vanesa Sotelo

Centro Dramático Galego en coprodución co Teatro Art'Imagem e a Sala Ártika
Estrea: 2 de decembro de 2026 na Quinta da Caverneira (Maia, Portugal)
Función no Salón Teatro de Santiago de Compostela 15 de decembro de 2026
Funcións na Sala Ártika a 13 e 14 de Febreiro de 2027

Que estamos dispostas a sacrificar para defender o alleo? Esa é a pregunta que guía SACRA, un espectáculo bilingüe (galego e portugués) co que a compañía lusa Teatro Art'Imagem continúa a súa liña de creación entre Galicia e Portugal. Nel, tres irmáns morren durante a viaxe para asistir ao funeral da nai.

reúnen para facerse cargo dos bens que quedaron sen herdeiros definidos. O achado de valiosos frescos baixo as paredes encaladas da casa familiar despregará unha polifonía de voces sobre a destrución e a conservación, así como sobre a responsabilidade colectiva á hora de preservar o patrimonio material, inmaterial, humano e natural dunha comunidade.

Con esta trágica situación como pano de fondo, as respectivas parellas

Equipo artístico

Texto: Vanesa Sotelo

Dramaturxia: Vanesa Sotelo e Clara Gayo

Dirección: Clara Gayo

Asistencia de dirección: Pedro Carvalho e Vanesa Sotelo

Música orixinal e espazo sonoro: Carlos Adolfo

Iluminación: André Rabaça

Espazo escénico e vestiario: Teatro Art'Imagem

Construcción: José Lopes

Tradución galego-portugués: Zé Paredes

Producción: Mariana Macedo

Fotografía: Nuno Ribeiro

Deseño gráfico: Tiago Dias

Documentación video: Luis Lima Production

Director Artístico do Teatro Art'Imagem: José Leitão

Elenco

Daniela Pêgo, Flávio Hamilton, Mónica Caamaño.



ISTO TAMÉN É SARGADELOS

de Ana Fontenla

Estrea: 19 de febreiro de 2027 no Salón Teatro

Funcións no Salón Teatro de mércores a domingo dende o 20 de febreiro ao 21 de marzo

Aquí, a historia de Sargadelos faise corpo, palabra e cerámica. Un proxecto nacido do caolín e da utopía, froito da visión compartida de Isaac Díaz Pardo, Luis Seoane, Mimina e tantas outras persoas que soñaron unha fábrica onde a arte, a memoria e o traballo constrúen país. Entre fornos e debuxos, Sargadelos ergueuse como símbolo de modernidade, identidade e resistencia cultural.

Mais o tempo pasa tamén pola materia. Hoxe, nas mesmas naves onde se fixeron formas para durar,

traballan mans que sosteñen o presente en condicións fráxiles. As traballadoras, herdeiras dun legado que pesa e racha, habitan un espazo onde o orgullo convive coa precariedade. As súas voces, tantas veces invisibles, atravesan as pezas e poñen en cuestión o que significa continuar.

Isto tamén é Sargadelos é unha peza poética sobre o que se exhibe e o que se oculta, sobre a vaixela da memoria e a do uso diario. Un diálogo entre pasado e presente que pregunta quen garda hoxe o soño, quen paga o seu custo e que país se constrúe cando a

Equipo artístico:

Dirección e dramaturxia: Ana Fontenla e Celina Fernández Ponte

Texto: Ana Fontenla

Axudantía de dirección e asesoría de movemento: David Alonso Rial

Coordinación plástica, iluminación e videocreación: Laura Iturralde

Escenografía: Carlos Alonso

Vestuario e caracterización: Antiel Jiménez

Espazo sonoro: Julián Goicoa coa colaboración de Cibrán García (Saibrán Yiyi)

Asesoría dramaturxica: Borja Fernández

Asesoría histórica: María América

Elenco:

Cinco intérpretes resultantes do proceso de selección en curso.



de Sarah Ruhl

Funcións no Salón Teatro de mércores a domingo dende o 10 de abril ao 23 de maio

Tras a súa morte inesperada, a moza descende ao inframundo —un territorio gobernado polo esquecemento onde a linguaxe perde o sentido, pero que tamén se erixe como un espazo para facer resoar a música do texto, o humor e a

A peza, afastada do realismo convencional, destaca pola súa profunda carga poética e simbólica, conformando unha obra que reflexiona sobre temas universais como a identidade, a memoria, a linguaxe e a natureza do amor e a perda.



Equipo artístico:

Dirección e dramaturxia: Ánxeles Cuña

Autoría: Sarah Ruhl

Traducción: Clara Dacosta Seijo

Escenografía: José Faro "Coti"

Iluminación e videoarte: Laura Iturralde

Diseño de vestuario: Saturnas

Composición musical: Vadim Yuknevich

Asesoramento de texti: María Peinado

Coreografía: Rut Balbís

Swing: Constance Hurlé

Deseño utilaxe: Iris Branco e Cristian Andrade

Elenco:

Sete intérpretes resultantes do proceso de selección en curso.



AQUI NON PAGA NINGUÉN

A partir do texto de Dario Fo

Centro Dramático Galego en coprodución con TEatroensaio, Teatro Municipal de Bragança e o Município de Arraiolos

Estrea: 10 de abril de 2027 no TMB de Bragança (Portugal)

Función en Galicia prevista para o mes de xullo de 2027

Co apoio da República Portuguesa – Cultura, Juventude e Desporto / Direção-Geral das Artes, Município de Arraiolos, Moagem Ceres S.A., TNSJ, Makeup Design, AJHLP, TMSM, Maison du Portugal CIUP Paris, Armazém8-AssociArte.

En 2008, con Franca Rame, Dario Fo reescribiu "Aquí non paga ninguén", súa obra de 1974.

O que quedou sen escribir, aínda moi relevante hoxe, é a difícil situación financeira á que se enfronta unha gran parte da humanidade...

A historia de Antonia: unha dona de casa desesperada que perde o seu traballo e ve a fábrica do seu marido a piques de ser trasladada. Por iso participa nun asalto a un supermercado. O problema, o conflito? Agochar a compra.

Aquí entramos nós: un grupo de actores e actrices de varias nacionalidades uniu forzas para poñer en escena esta obra, na que a realidade (e a de Dario Fo) atopa o seu camiño. Seremos Dario Fo?...

Equipo artístico

Tradución: José Topa

Adaptación dramaturxica e posta en escena: Pedro Estorninho

Deseño de luz: Beatriz de Vega

Música orixinal: Eduardo Baltar Soares

Vestiario: Inês Galveias

Deseño de vídeo: Hugo Valter Moutinho

Dirección de produción: Inês Leite

Comunicación e fotografía de escena: Pedro Ferreira

Deseño gráfico: Augusto Pires / Makeup Design

Elenco

Ana Pessoa, Dani Silva, José Topa, Nuno Góis, Pepa Barreiro



AS CATRO ESTACIÓNS

De Miguel Torga

Centro Dramático Galego en coprodución coa Escola da Noite

Estrea: 1 de abril de 2027 no Teatro da Cerca de San Bernardo de Coimbra (Portugal)

Función en Galicia prevista para o segundo semestre de 2027

Co apoio da República Portuguesa – Cultura, Juventude e Desporto / Direção-Geral das Artes

Os “Novos contos da montaña” pintan unha paisaxe humana na cal homes e mulleres

harmonizan coa paisaxe brava, obedecen as leis da natureza e se deixan levar polo principio do pracer, polo deber da vinganza e polo chamamento da terra.

O espectáculo percorre as catro estacións do ano como pálida

Equipo artístico

Dramaturxia e dirección escénica: Quico Cadaval

Música orixinal: Luís Pedro Madeira

Iluminación: Wilma Moutinho

Escenografía: Rui Rodrigues

Vestiario: Ana Rosa Assunção

Elenco

Ana Teresa Santos, Catarina Moura, Igor Lebreaud,

Miguel Magalhães, Ricardo Kalash

metáfora da vida. Natal, Alma-Grande, Mariana, Fronteira... Os contos descubren no teatro a propia voz, que constrúe na escena a imaxe da loita pola vida. Lonxe da idea trágica que moitas veces se lle atribúe, son cantos ao renacer circular da vida. Un teatro das voces baixas, a memorias silenciada, os rituais esquecidos e a vida celebrada.




XELMÍREZ

A partir da Historia Compostellana e o Pío Latrocinio

Centro Dramático Galego en coprodución coa Companhia de teatro de Braga
Estrea prevista para o primeiro trimestre de 2027 en Braga (Portugal)

Co apoio da República Portuguesa – Cultura, Juventude e Desporto / Direção-Geral das Artes



teatro galego xa se
achegou á figura do
célebre arzobispo en
obras como *Xelmírez ou*

a gloria de Compostela, de Daniel
Cortezón adaptado ao teatro por
Roberto Vidal Bolaño, que contribuíu a
cuestionar as lecturas máis
monumentais da historia do país.

Con todo, esta nova proposta non
pretende reconstruír a biografía do
personaxe nin reivindicar o seu
legado, senón interrogar os mecanismos
cos que se fabrica a memoria colectiva.

O punto de partida é un dos
episodios máis controvertidos da súa
traxectoria: o chamado Pío Latrocinio,
o audaz espolio das reliquias de varios
santos da catedral de Braga en 1102 para
trasladalas a Santiago e reforzar o
prestixio espiritual da sé compostelá.

Un feito que, segundo quen o conte,
pode entenderse como unha brillante
operación política ao servizo dun


proxecto colectivo ou como un saqueo
inxustificable do patrimonio alleo.

En Santiago de Compostela hai rúas,
prazas e edificios públicos que
honran o nome de Diego Xelmírez.
Mais abonda con preguntar en Braga
para descubrir que a memoria non é a
mesma. Onde uns celebran un
fundador, outros lembran un ladrón.
Onde uns falan da gloria de
Compostela, outros evocan unha perda
histórica.

A través deste contraste, o
espectáculo propón unha reflexión
sobre a construción dos heroes, a
relatividade dos relatos nacionais e o
poder da perspectiva para transformar
un mesmo acontecemento nunha
fazaña ou nun crime. Porque a
Historia non é só o que aconteceu: é,
sobre todo, quen a conta, desde
onde a conta e con que propósito.

V CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS

A partir do proxecto gañador da edición 2026 promovido pola Casa- Museo Manuel María



Centro Dramático
Galego renova en 2026 a
súa colaboración coa
Casa-Museo Manuel

María de Estudos Galegos no marco do V Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, unha iniciativa consolidada como unha das principais plataformas para impulsar a creación escénica arredor da obra dun dos autores fundamentais da literatura galega contemporánea.


Convocado con carácter bienal desde 2018, o certame naceu coa vontade de promover novas lecturas da dramaturxia de Manuel María, favorecendo a creación de espectáculos profesionais que acheguen o seu legado aos públicos actuais. O seu carácter singular reside en que o premio non se limita a unha dotación económica, senón que garante un percorrido real para o proxecto gañador mediante unha ampla rede de exhibición en colaboración con concellos, deputacións, festivais e mostras de teatro de toda Galicia. A esta estrutura súmase o compromiso do Centro Dramático

Galego de participar na produción do espectáculo, convertendo o certame nun auténtico motor de creación e difusión do teatro galego.

Ao longo das súas edicións, o premio deu lugar a montaxes como *O meu mundo non é deste reino* de Teatro da Ramboia; *A lúa vai encuberta* da Quinta do cuadrante e *Incendiaria*, *Auto do Castromil*, de Producións Excéntricas baixo a dirección de Quico Cadaval; e, máis recentemente, *Berenguela na gaiola*, en coprodución con Galeatro, Xarope Tulú, o FIOT, a Fundación Manuel María e o propio Centro Dramático Galego.

Na súa quinta edición, o certame mantén esta filosofía de apoio á creación profesional. A compañía ou equipo artístico gañador contará cunha axuda directa á produción da Fundación Manuel María, coa coprodución do Centro Dramático Galego e cun circuío inicial de representacións que garante a difusión da obra por todo o territorio galego.

2. REPOSICIÓN



Centro Dramático Galego traballa para alongar a vida das súas producións e coproducións, apostando por

un modelo de creación e exhibición máis sostible, eficiente e comprometido co ecosistema cultural galego. Nun contexto no que as artes escénicas precisan consolidar procesos, fortalecer os vínculos cos públicos e optimizar os recursos dispoñibles, a continuidade das montaxes convértese nunha estratexia fundamental. Permite que o investimento artístico, técnico, humano e económico realizado en cada proxecto teña un percorrido máis amplo, xere un maior retorno social e cultural e alcance unha incidencia real no conxunto do territorio.

A produción teatral pública require tempos longos de investigación, ensaio e desenvolvemento. Escenografías, deseño de iluminación, vestiario, composición musical, dramaturxia, interpretación e dirección son o resultado dun proceso colectivo de gran complexidade que non debería esgotarse nun número limitado de funcións. Alongar a vida das producións significa recoñecer o valor dese traballo compartido e favorecer que cada

espectáculo poida evolucionar, medrar e dialogar con públicos diversos ao longo do tempo.

Por iso, a temporada 2026-2027 incluírá a reposición de tres grandes producións como *A serie clopen*, *Hamlet* e *Memorias dun neno labrego*, espectáculos que demostraron a súa capacidade de conectar coa cidadanía, o seu valor artístico e a súa relevancia dentro da programación do Centro Dramático Galego. Estas reposicións permiten que novos espectadores e espectadoras teñan acceso a montaxes de referencia, ao tempo que ofrecen a oportunidade de revisitalas desde novas perspectivas e contextos.

Xunto a estas reposicións, numerosas producións de temporadas anteriores continuarán a súa xira por teatros, auditorios e espazos culturais de toda Galicia, ampliando o seu alcance territorial e facilitando o acceso á cultura en condicións de equilibrio e cohesión.

A circulación das producións reforza a presenza do teatro público máis alá das grandes cidades e contribúe a garantir

unha oferta escénica de calidade en todo o país, favorecendo a descentralización cultural e o encontro entre creación e cidadanía.

Esta estratexia beneficia tamén o conxunto do sector profesional. A maior duración das montaxes tradúcese en máis funcións, máis contratacións e unha maior estabilidade para intérpretes, direccións, persoal técnico, deseñadores, produtoras e demais profesionais implicados. Ao tempo, fortalece a colaboración coas redes de exhibición, cos concellos e cos espazos escénicos, xerando un tecido máis sólido, conectado e sostible.

A aposta pola permanencia das producións responde igualmente a criterios de responsabilidade ambiental. Reutilizar escenografías, elementos de atrezzo, vestiario, equipamentos técnicos e materiais de produción reduce a necesidade de fabricar novos recursos para cada proxecto, diminúe a xeración de residuos e optimiza o aproveitamento dos investimentos públicos. Trátase dunha forma de producir máis consciente co impacto ecolóxico da actividade cultural, aliñada cos principios de sustentabilidade que deben orientar tamén as políticas públicas de creación artística.

Pero alongar a vida das obras non responde unicamente a razóns económicas ou ambientais. Supón tamén unha maneira de entender a creación escénica como un proceso vivo, capaz de transformarse coa experiencia acumulada nas funcións, co contacto directo cos

públicos e coa evolución das interpretacións. Cada representación incorpora novas capas de significado, consolida o traballo artístico e permite que os espectáculos adquiran unha maior madurez expresiva.

Esta continuidade contribúe á construción dunha memoria teatral compartida. As producións do Centro Dramático Galego pasan a formar parte do patrimonio cultural contemporáneo de Galicia e a súa permanencia facilita que diferentes xeracións de espectadores poidan coñecelas, recoñecelas e incorporalas ao seu imaxinario colectivo. Deste xeito, o teatro público exerce tamén unha función de conservación, transmisión e actualización da creación escénica galega.

Entender o teatro público non só como un espazo de estrea, senón tamén como un ámbito de continuidade, circulación e acompañamento das producións, significa apostar por un modelo máis sólido, máis responsable e máis conectado coas necesidades do sector e da sociedade. É unha forma de fortalecer o ecosistema teatral galego, de facer un uso máis eficiente dos recursos públicos e de garantir que o esforzo creativo desenvolvido en cada proxecto teña o tempo necesario para despregar todo o seu potencial artístico, cultural e social.

A SERIE CLOPEN

de Clara Gayo e Pablo Reboleiro

Centro Dramático Galego

Reposición: 10 de setembro de 2026 no Salón Teatro

Funcións 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19 e 20 de setembro

Acrobacias imposibles,
aéreos impresionantes,
comedia hilarante,
danza, *clown* e unha
historia cativadora. *A serie clopen* é un
espectáculo multidisciplinar que
reflexiona, en ton de humor, sobre os
retos que ten que afrontar a xuventude
nestes tempos de incerteza.

Alicia é unha rapaza que está nese
momento vital onde comeza a
construír a súa identidade e investiga
o mundo que a arrodea. O seu cuarto
segue cheo de bonecas e xoguets,
pero as preguntas invaden a súa
mente. Ela, no seu afán de darlles
resposta, abre unha canle onde explica
curiosidades acerca dunha das súas
paixóns: as Matemáticas.

Pero todo o que descobre xera máis
preguntas...

Poderán as Mates explicar o momento
político actual: o auxe dos absolutismos,
dos fascismos, o aumento da
desigualdade, ou o novo contexto
bélico?

Poderá a nosa mocidade superar os
retos que se lle impoñen á súa
xeración?

E, sobre todo, poderá o Circo, a arte do
momento presente, do físico, do risco,
da cooperación, ofrecer alternativas
nun mundo absolutamente
dixitalizado?

Equipo artístico:

Dirección: Pablo Reboleiro

Dramaturxia: Clara Gayo e Pablo Reboleiro

Iluminación e videoescena: Laura Iturralde

Escenografía: José Faro e Laura Iturralde

Caracterización e maquillaxe: Erea Pérez e Paula Quintas

Vestuario: Carlos Alonso

Diseño de movimiento e coreografía: Marta Alonso Tejada

Asistencia de dirección e espazo sonoro: Marcos PTT

Composición Musical: Xosé Lois Romero

Asistencia de circo: José Expósito

Asistencia de producción: Santi Romay

Elenco:

Marián Bañobre, Luz García, Johanna Hesse, Raquel Oitavén, Natalia Pajarito, Inés Santos, Guillermo Solo



MEMORIAS DUN NENO LABREGO

nova versión teatral sobre o libro de Xosé Neira Vilas no 10^a aniversario do seu pasamento

Centro Dramático Galego e Contraproducións

Reposición: Funcións no Salón Teatro de Santiago de Compostela e xira

Balbino é un neno de aldea, fillo de labregos pobres, que medra nun mundo de silencios, traballo e obediencia. Neste espectáculo, seguimos a súa voz sincera e sensible mentres narra a vida cotiá nunha aldea galega dos anos corenta: a escola, a familia, os sonhos frustrados, as inxustizas sociais e o desexo constante de fuxir dun destino xa escrito.

A historia desenvólvese a través dunha serie de lembranzas que van desde a tenrura da infancia ata a crúa conciencia das desigualdades. O espectáculo dálles vida aos episodios máis representativos da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a perda do amigo ou dun animal querido, a frustración do primeiro amor, a dureza

do traballo, a emigración, a represión da expresión, e a tristura de sentirse diferente nun mundo que non admite preguntas; pero tamén os costumes e celebracións festivas da aldea, e as esperanzas e alegrías que, a pesar de todo, ofrece a vida.

Nesta nova versión teatral do clásico de Neira Vilas, a memoria persoal do neno labrego preséntase como unha memoria colectiva, a desa Galicia rural que se foi diluíndo ou transformando, nun espectáculo que pon en primeiro termo a emoción, pero tamén o humor e a relación directa e amena co público.

Equipo artístico:

Texto teatral e dirección escénica: Cándido Pazó

Escenografía e atrezzo: Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario: Martina Cambeiro

Música: Xosé Lois Romero

Iluminación: Afonso Castro

Axudantía de dirección: Belén Pichel

Elenco:

Xúlio Abonjo, Manuel Cortés, Iris Darriba, Mónica García, Federico Pérez Rey, Santi Romay,

Ana Santos



HAMLET

de William Shakespeare

Centro Dramático Galego

Reposición: : 15 de xaneiro de 2027 no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Funcións 16, 17, 20, 21, 22, 23 e 24 de xaneiro

Hamlet, príncipe de Dinamarca, está tratando de asimilar, sen demasiado éxito, a morte do seu pai e a rápida voda da súa nai co seu tío.

Esta sensación de baleiro, de melancolía e de anguria existencial que impregna o cerebro do mozo Hamlet vaise ver multiplicada cando recibe a visita da pantasma do seu pai e este lle asegure que a súa morte foi provocada polo seu propio irmán, asasinándoo para ter acceso tanto á coroa como ao corazón da raíña.

A partir dese momento, Hamlet vese obrigado a vingar a morte do seu pai, pero a aceptación desa misión non lle

resultará fácil. O maior atranco non será outro que a súa propia conciencia, que lle fai adiar continuamente o intre de pasar a acción e se converter nese heroe vingativo que o seu pai lle ordenou ser.

Hamlet toma a decisión de facerse pasar por tolo para seguir habitando nun palacio real cuxo fedor moral se lle fai insoportable, mentres agarda despexar as dúbidas que lle leven a cumprir o seu cruel destino e acabar coa vida do asasino do seu pai: o seu tío.

Equipo artístico:

Dirección: Tito Asorey

Dramaturxia: Tito Asorey e Vanesa Sotelo

Escenografía: Carlos Alonso

Vestiario: Saturna

Maquillllaxe: Lorena Calvo

Iluminación e vídeo: Laura Iturralde

Espazo sonoro: Xavier Bértolo

Coreografia: Rut Balvís

Loita escénica: Xosé Piñeiro

Assistencia de texto: Melania Cruz

Asistencia de dirección: Sara Rey


Asistencia de producción: Mariña Lestón

Elenco:

Sergio Abelaira, Cristina Andrade, Belén Constenla, Raquel Espada, Isa Garrido, César Goldi, Alejandro Jato, Marita Martínez, Iolanda Muñíos, Anxo Outumuro, Pedro Placer, Adrián Ríos, Machi Salgado, Toni Salgado, Inés Salvado Gontad, Sergio Zearreta.



3. APOIO Á DRAMATURXIA



Centro Dramático Galego mantén un firme compromiso coa promoción, o desenvolvemento e a

visibilización da dramaturxia galega contemporánea a través de diferentes accións estratéxicas orientadas ao apoio da creación, a produción e a difusión de novos textos teatrais.

Entre estas iniciativas destacan a Bolsa de Dramaturxia, destinada a impulsar a escritura teatral en galego, e a publicación de textos dramáticos, que contribúe á conservación, difusión e circulación da dramaturxia contemporánea.

Outro dos piares desta aposta é a produción e exhibición de espectáculos de autoría galega, dando cabida tanto a dramaturgas e dramaturgos emerxentes como a voces consolidadas. Nesta temporada, o Centro Dramático Galego levará á escena textos orixinais de Afonso Becerra, Lucía Satta, María Solar adaptado por Xoán Carlos Mejuto, Vanesa Sotelo, así como novas creacións desenvolvidas no marco de programas de apoio á creación

como o CDGLab ou as Residencias Descartes.

A programación incorpora tamén novas lecturas e adaptacións de grandes clásicos do teatro universal como *A gaivota, ensaio aberto*, inspirada na obra de Antón Chéjov e adaptada por Santiago Cortegoso ou o *Auto da barca do inferno*, de Gil Vicente con adaptación de Marta Pazos.

En paralelo nace unha nova liña de apoio á dramaturxia, Pretextos, na que desenvolver a escrita textual e non textual dende os primeiros pasos.

Con este conxunto de accións, o Centro Dramático Galego reafirma o seu compromiso coa creación teatral en galego, favorecendo a aparición de novas voces, a consolidación de traxectorias e a proxección da dramaturxia galega no ámbito estatal e internacional.

PRETEXTOS

PRETEXTOS é unha nova liña de traballo do Centro Dramático Galego destinada a impulsar a dramaturxia galega

contemporánea, tanto textual como non textual, creando un espazo específico para a escrita, a investigación e a experimentación escénica dentro do seu programa global de apoio á dramaturxia, Dramaturxente.

A iniciativa nace coa vontade de acompañar os procesos embrionarios de creación, ofrecéndolles ás creadoras e creadores un contexto no que desenvolver as súas ideas antes de que estas adopten a forma dunha produción escénica completa. Enténdese o pretexto, esbozo ou maqueta como un dispositivo de exploración artística: un primeiro corpo de traballo que permite ensaiar linguaxes, formular preguntas, investigar materiais dramáticos e abrir novas vías de creación.

Cada proxecto culminará na entrega do seu pretexto a través do formato que mellor responda á natureza da proposta: un texto, a mostra dunha breve escenificación, unha acción performativa, unha presentación comentada ou calquera

outro medio que permita compartir o estado da investigación e o potencial desenvolvemento futuro da dramaturxia.

Con esta liña, o Centro Dramático Galego procura crear un espazo estable de apoio á nova dramaturxia galega, favorecendo a aparición de novas voces, novas estéticas e novos modos de entender a creación escénica.

Ao mesmo tempo, PRETEXTOS aspira a converterse nun escaparate para as ideas emerxentes, facilitando a súa visibilidade e contribuíndo ao fortalecemento do ecosistema teatral galego.

PRETEXTOS quere ser, en definitiva, un lugar para a experimentación, o encontro e o crecemento; un espazo onde as ideas poidan tomar forma, compartirse e iniciar o camiño cara a novas creacións escénicas.

Nesta primeira edición, traballárase na dramaturxia e creación dos proxectos que teñen por título provisional *Vila*, de Marcos Carballido PTT; *As fillas das silveiras*, do colectivo Bengala Teatro Físico; *A última dilixencia travesti*, de Marinita e as súas Maromas; *Odiseo en Ikea*, de José Carlos Illanes; e *Ruth Matilda Anderson*, de Mariña Lestón.

Vila é —ou máis ben será— unha conferencia dramática que combina teatro de obxectos, antropoloxía, e *live-cinema*. É unha reflexión sobre como as sociedades humanas se relacionan, constrúen e destrúen tanto o territorio coma os seus habitantes. Un documental a vista de paxaro sobre a historia das cidades.

As fillas das silveiras fala de tres mulleres. Tres embarazos. Tres decisións distintas: abandonar, criar ou abortar. Nunha España marcada polo nacionalcatolicismo, calquera delas era motivo suficiente para ser sinalada como "mala muller".

Baseada en feitos reais, a peza entrelaza as súas historias cando son internadas no Patronato de Protección á Muller, institución creada para controlar e castigar a quen se afastaba da moral imposta.

A última dilixencia travesti é un proxecto de comedia musical que emprega o xogo cos roles de xénero, o baile, o cante e o humor para reinterpretar o imaxinario clásico do *western*.

Odiseo en Ikea toma como punto de partida o mito grego para construír unha comedia contemporánea sobre a identidade. Despois de vinte anos enfrontándose a incontables inimigos, Odiseo só quere regresar ao seu pazo, quitar as sandalias e repanchingarse no sofá. Pero, ao volver, descobre que todo mudou e que xa nada lle fai sentir que está na casa. Así que emprende unha nova aventura: viaxar ás Illas Ikea para mercar un sofá novo.

Por último, *Contraarquivo: tras os pasos de Ruth Matilda Anderson*, de Mariña Lestón, é un proxecto de investigación, documentación e creación escénica que nace da necesidade de volver sobre as imaxes e os relatos que conforman a memoria do noso territorio. A partir da figura da fotógrafa estadounidense Ruth Matilda Anderson e da súa viaxe por Galicia nos anos vinte do século pasado, o proxecto propón unha reflexión escénica arredor da memoria e dos arquivos.

BOLSA DE DRAMATURXIA E CREACIÓN

A Bolsa de Dramaturxia e Creación é unha das principais iniciativas do Centro Dramático Galego para impulsar a escrita teatral contemporánea en galego e favorecer o desenvolvemento integral de novos proxectos escénicos. Concibida como un programa de acompañamento á creación, a bolsa apoia o proceso desde a concepción da dramaturxia ata a súa futura posta en escena, establecendo unha ponte entre a autoría, a produción e a exhibición.

O programa articúlase en dúas fases complementarias. Nunha primeira convocatoria selecciónase un proxecto de escrita dramática, que recibe apoio económico e acompañamento para o desenvolvemento do texto. Unha vez finalizada esta etapa, ábrese un segundo proceso para seleccionar, en réxime de coprodución co Centro Dramático Galego, a compañía ou equipo artístico encargado de levar esa dramaturxia aos escenarios, garantindo así a continuidade do proxecto e a súa materialización como espectáculo profesional.

Esta iniciativa, desenvolvida en colaboración cunha ampla representación do sector profesional das artes escénicas galegas, promove un modelo de apoio que abrangue toda a cadea de valor da creación teatral, desde a escrita ata a produción e a exhibición. Ao mesmo tempo, favorece a aparición de novas voces, fortalece a dramaturxia galega contemporánea e fomenta a colaboración entre autores, compañías e institucións culturais.

As edicións anteriores deron lugar a espectáculos incorporados á programación do Centro Dramático Galego, como *Relato para un incendio*, *Bailar no ceo* ou *A furia da amanita*, demostrando a capacidade da Bolsa para converter proxectos de escrita en producións escénicas con percorrido e consolidándose como unha ferramenta estratéxica para o impulso da dramaturxia galega actual.

PUBLICACIÓNS

A liña editorial do Centro Dramático Galego constitúe un dos piares da súa función pública como institución de referencia das artes escénicas en Galicia. A través da colección O PAPEL DO TEATRO, o CDG garante que as súas producións non rematen coa última representación, senón que permanezan accesibles en formato libro, converténdose en ferramentas para a lectura, a investigación, a formación e a memoria teatral.

Cada volume incorpora, ademais do texto dramático, material gráfico da montaxe, información sobre o proceso de creación, fichas artísticas e textos introdutorios que contextualizan cada produción.

Deste xeito, O PAPEL DO TEATRO convértese nun espazo de encontro entre tradición e innovación, documentando a evolución da escena galega e favorecendo a circulación dos textos máis alá da súa estrea.

O labor editorial do Centro Dramático Galego responde tamén á necesidade de preservar un patrimonio artístico necesariamente efémero. A publicación dos textos permite que as montaxes


poidan ser estudadas, revisitadas e mesmo recuperadas por futuras compañías, ao tempo que incrementa o corpus de literatura dramática en lingua galega. Neste sentido, a colección constitúe unha referencia tanto para profesionais das artes escénicas como para o ámbito educativo, universitario e investigador, contribuíndo á conservación da memoria teatral de Galicia.

A continuidade desta aposta editorial queda reflectida na planificación das próximas publicacións, entre as que o Centro Dramático Galego prevé incorporar títulos como *A contenda do río Miño*, *A serie clogen* ou *Memorias dun neno labrego*.

Esta programación confirma a vontade do CDG de manter unha colección estable, que documente a súa actividade artística e fortaleza a presenza da dramaturxia galega no panorama editorial e cultural.



4. CDGLAB



Centro Dramático
Galego reforza en 2026
o seu papel como espazo
de encontro entre a

formación e o exercicio profesional das
artes escénicas.

O CDGLab consolídase como un
paraugas que integra programas,
proxectos e colaboracións destinados
a acompañar a transición do alumnado
e dos novos creadores cara ao sector
profesional.

Esta liña de traballo artículase a
través de iniciativas que conectan a
formación coa creación escénica real
da man da ESAD de Galicia e outras
institucións mediante: coproducións
con compañías emerxentes, producións
específicas para o alumnado, programas
como Xuventude Crea Pro, accións
formativas en colaboración con outros
teatros europeos, intercambios
internacionais, residencias e proxectos
de investigación e experimentación
escénica.

O obxectivo é ofrecer contextos de
aprendizaxe vinculados á práctica
profesional, favorecendo o encontro
entre distintas xeracións de artistas, o

intercambio de coñecementos e a
creación de redes que fortalecen o
tecido escénico galego. O CDG
convértese así nun espazo onde a
formación non remata na aula, senón
que continúa nos procesos de creación,
produción e
exhibición.

Esta aposta contribúe tamén á
internacionalización do sector,
promovendo a mobilidade, a
cooperación con outras institucións e a
participación en proxectos europeos
que amplían as oportunidades de
desenvolvemento artístico e
profesional das novas xeracións.

Deste xeito, o Centro Dramático
Galego consolida un modelo de
institución pública que non só produce
teatro, senón que impulsa o talento,
facilita a incorporación de novas voces
á escena e contribúe á renovación
continua do ecosistema teatral galego.

XUVENTUDE CREA PRO

Centro Dramático Galego e Cidade da Cultura de Galicia en colaboración coa compañía gañadora do certame Xuventude Crea Teatro Pro

Xuventude Crea Teatro Pro é unha iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude, en colaboración co Centro Dramático Galego, que promove a creación escénica entre a mocidade e favorece a súa incorporación ao ámbito profesional.

O programa ofrece acompañamento artístico e técnico, recursos de produción e espazos de visibilidade para compañías emerxentes, consolidando unha vía estable de acceso ás estruturas profesionais do teatro galego.

Na súa primeira edición, celebrada en 2024, impulsouse a produción de *O carteiro de Ximaraos*, iniciando un modelo de colaboración entre as compañías seleccionadas e o Centro Dramático Galego.

A segunda edición supuxo un novo avance coa coprodución de *Dolce Far*

Niente, da compañía Dessatada, proxecto gañador da convocatoria. Ademais, ampliouse o apoio ao colaborar co novo espectáculo de Bengala Teatro Físico, segunda clasificada, incorporando accións de formación, asesoramento e acompañamento artístico. Deste xeito, o programa reforzou o seu compromiso co impulso das traxectorias profesionais das compañías participantes.

Na convocatoria de 2026, o programa reforza a súa proxección e o proxecto gañador desenvolverase da man do Centro Dramático Galego e coa colaboración da Cidade da Cultura, xunto con accións formativas no ámbito da Unión dos Teatros de Europa consolidando Xuventude Crea Teatro Pro como unha plataforma de impulso ao talento teatral emerxente.

5. ACCESIBILIDADE

Construír unha cultura verdadeiramente pública implica garantir que todas as persoas poidan acceder e participar da experiencia teatral en igualdade de condicións. Con este compromiso, o Centro Dramático Galego continúa a desenvolver políticas de accesibilidade que fan do teatro un espazo máis aberto, inclusivo e acolledor.

Neste marco sitúase o Sistema SINTE (Sistema de Inclusión en Teatro e Espectáculos), unha iniciativa pioneira no ámbito escénico galego que incorpora recursos específicos para facilitar o acceso das persoas con discapacidade visual e auditiva ás producións do CDG. O sistema integra sobretítulos adaptados, interpretación en lingua de signos e servizos de audiodescrición mediante dispositivos individuais, permitindo que cada espectador e espectadora poida vivir a representación nas mellores condicións posibles.

A programación complétase con funcións descontraídas, deseñadas para ofrecer un ambiente máis flexible e comfortable. Estas sesións incorporan medidas como a iluminación tenue da

sala durante a representación, unha maior tolerancia aos movementos e aos sons do público e un reforzo do acompañamento por parte do persoal de sala, favorecendo a asistencia de persoas con autismo, TDAH, discapacidade intelectual, sensibilidade sensorial e de todas aquelas que prefiren unha experiencia escénica máis relaxada.

O compromiso coa accesibilidade esténdese tamén aos materiais de mediación e á propia infraestrutura do Salón Teatro, mediante publicacións en lectura fácil e formatos accesibles, así como a eliminación de barreiras arquitectónicas, espazos reservados e itinerarios adaptados para persoas con mobilidade reducida.

Máis que un conxunto de medidas técnicas, a accesibilidade constitúe un principio transversal que orienta a acción do Centro Dramático Galego: facer do teatro un lugar compartido, onde todas as persoas poidan participar plenamente da creación e da experiencia escénica.

O Centro Dramático Galego é Premio Solidarios Grupo Social ONCE Galicia 2025

6. ACCIÓN NO TERRITORIO E XIRAS

A chegarlle o teatro público á cidadanía, con independencia do lugar onde viva, continúa a ser unha das liñas fundamentais do Centro Dramático Galego.

A través das xiras, da descentralización da programación e de iniciativas que facilitan o acceso aos espectáculos, o CDG consolida un modelo cultural aberto, inclusivo e comprometido co equilibrio territorial.

As producións do Centro Dramático Galego percorren teatros e auditorios das principais cidades e vilas galegas, facendo posible que espectáculos de gran formato cheguen a espazos preparados para acollelos. Ao mesmo tempo, as propostas de menor formato amplían a súa presenza en centros culturais, espazos comunitarios, centros educativos ou outros lugares non convencionais, favorecendo unha relación máis próxima co público e adaptándose ás características de cada contorna.

Este labor complétase co programa de transporte organizado pola Xunta de Galicia, que facilita a asistencia ao Salón Teatro de Santiago de Compostela desde diferentes puntos do país. En colaboración con concellos, centros educativos e entidades culturais, esta iniciativa elimina barreiras de acceso territorial e converte a experiencia teatral nun encontro colectivo que favorece a creación de novos públicos e fortalece o vínculo entre a escena pública e a sociedade.

A combinación destas accións reafirma o compromiso do Centro Dramático Galego cunha cultura pública accesible, descentralizada e participativa, na que o teatro se entende como un ben común capaz de xerar pensamento crítico, diálogo e cohesión social en todo o territorio galego.

+150 concellos galegos
+ 100 funcións en xira
+ 60 rutas de autobús

7. ACCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN

A internacionalización constitúe unha das liñas estratéxicas do Centro Dramático Galego, impulsando a proxección do noso teatro a través de coproducións, intercambios artísticos, redes internacionais e proxectos de cooperación. Esta acción consolida a presenza do CDG no **ámbito europeo e iberoamericano**, favorecendo o diálogo con outras culturas e reforzando o compromiso coa diversidade cultural e lingüística.

Nos últimos anos, o Centro Dramático Galego desenvolveu proxectos, **colaboracións e accións de intercambio con institucións e festivais de máis de 20 países:** Arxentina, Uruguai, Brasil, Colombia, México, Portugal, Italia, Francia, Alemaña, Gales, Irlanda, Noruega, Romanía, Turquía, Cabo Verde, Grecia, Países Baixos, Bulgaria, República

Checa e Bélxica, configurando unha rede internacional de relacións que sitúa a creación escénica galega nun diálogo permanente coa **Galicia Exterior e a lusofonía conventindo a Galicia nun punto de encontro entre ambos lados do Atlántico.**

Como fitos da temporada 2026/2027, destaca a presenza internacional do CDG con novos proxectos na **Arxentina, Uruguai, Romanía, Serbia ou Alemaña**, así como a colaboración nas redes Union des Théâtres de l'Europe (UTE) e Phoné, a rede europea de teatros en linguas minorizadas.

Estas iniciativas consolidan a proxección exterior do Centro Dramático Galego, fortalecen a cooperación internacional e contribúen a situar a creación escénica galega nos principais **espazos de intercambio cultural** de Europa e Iberoamérica.

O Centro Dramático Galego forma parte das seguintes redes internacionais:



PHONÉ

Rede de Teatros en Linguas Minoritarias e Minorizadas

UTE

Union des Théâtres de l'Europe

8. RESIDENCIAS

A través desta iniciativa promóvense diferentes modalidades de residencia que ofrecen tempo, espazo e recursos para a investigación, a experimentación e o desenvolvemento de novos proxectos escénicos.

O programa desenvólvese en colaboración con entidades e institucións de referencia, entre as que destacan a Cidade da Cultura de Galicia, coas Residencias REGA e as novas Residencias Descartes, orientadas á creación e á investigación en diálogo con outras disciplinas e linguaxes artísticas, así como o Colectivo RPM, co impulsado das Residencias Paraíso.

A dimensión colaborativa do programa esténdese tamén a unha rede de espazos de residencia e entidades culturais que favorecen a mobilidade e o intercambio artístico.

Neste marco, o Centro Dramático Galego colabora con iniciativas como

ArtisTEA, no concello de Ponteareas, e con concellos como Catoira e Vimianzo, contribuíndo á consolidación dunha rede de apoio á creación distribuída por todo o territorio galego.

Esta aposta pola descentralización permite desenvolver procesos creativos tanto en equipamentos escénicos como en espazos culturais e comunitarios de diferentes puntos de Galicia, fortalecendo a relación entre a creación artística e o territorio, favorecendo o encontro coas comunidades locais e contribuíndo á formación e diversificación de públicos.

Con este conxunto de iniciativas, o Centro Dramático Galego consolida o seu papel como axente vertebrador das artes escénicas en Galicia, impulsando un modelo de creación baseado na colaboración, a innovación, a circulación de artistas e a accesibilidade da cultura en todo o territorio.

9. EXHIBICIÓN

No Salón Teatro conviven as producións e coproducións do Centro Dramático Galego cunha ampla proposta de actividades e disciplinas artísticas que enriquecen a súa oferta ao longo da temporada.

En setembro, acolle a o **Festival Agustín Magán** da Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) e a reposición de **A serie clopen**.


En outubro, terá lugar a estrea dos proxectos **A gaivota, ensaio aberto** e **Dolce far niente**. Tamén terá lugar a función da coprodución **Less Dragqueens and more Chuck Norris** e acollerase unha función do proxecto **Camiño Escena Norte**. A seguir, a fase final de **Xuventude Crea Teatro**, un certame que impulsa o talento emerxente en todas as disciplinas artísticas. O mes continúa cos concertos do **Festival de Música Antiga e Barroca**, organizado polo Ateneo Barroco, e remata coa gala final do **Premio Narf**, promovida pola Deputación da Coruña.

Grazas á colaboración co concello de Santiago de Compostela, **Cineuropa** completa a programación de novembro con cinema de vangarda. En paralelo chega a estrea da coprodución **E se o meu coração parar** coa compañía Tremor. Novembro remata co **Encontro de circo D10!**, que trae ao Salón Teatro propostas que renovan o circo contemporáneo achegando unha programación que engaiola por igual a público novo e adulto.

Ao longo de todo o ano, o Salón Teatro acolle funcións en lingua portuguesa dentro das **Quintas do Camões**, en colaboración co Camões – Centro Cultural Português en Vigo. Entre as citas máis destacadas da primavera atópase tamén o mercado **Galicia Escena PRO**, ofrecendo unha oportunidade única para a interacción entre creadores, programadores e público. Xa en xuño e xullo é o momento de acoller as **Residencias Paraíso** en colaboración co colectivo RPM.

Desta forma, o Salón Teatro mantén unha programación dinámica e plural froito da colaboración con numerosas institucións.

10. MEDIACIÓN E SERVIZO EDUCATIVO



Centro Dramático Galego reforza na temporada 2026/2027 o seu compromiso coa

educación, a mediación cultural e o desenvolvemento de públicos, entendendo o teatro como un espazo de encontro, aprendizaxe e participación. A través dun programa estable de accións dirixidas a diferentes comunidades, o CDG promove unha relación activa entre a creación escénica e a cidadanía, con especial atención á comunidade educativa, á mocidade, ao tecido asociativo e aos novos públicos.

Entre as iniciativas consolidadas destaca o programa **Os segredos do Salón Teatro**, que achega a actividade do teatro público aos centros educativos mediante visitas presenciais e recursos dixitais, ofrecendo unha visión próxima da historia do edificio, dos oficios escénicos e dos procesos de creación dunha produción teatral. A esta proposta súmanse as **visitas teatralizadas**, que converten o percorrido polo Salón Teatro nunha experiencia artística e participativa.

O CDG mantén tamén o seu compromiso co teatro comunitario a través de proxectos desenvolvidos en colaboración coa **Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea)** ou con **centros de ensino primario e secundario**, favorecendo o encontro con estas etapas educativas.

Amplíanse, ademais, as alianzas con universidades, escolas superiores de arte dramática, conservatorios e outras institucións culturais, consolidando unha rede de mediación que fomenta a formación de espectadores, o acceso á cultura e a participación activa da cidadanía na vida teatral.

Neste marco, o Centro Dramático Galego continúa colaborando co programa **Faíscas Culturais** da Universidade de Santiago de Compostela e impulsará novas accións de encontro, pensamento e participación arredor das súas producións.

11. SOSTIBILIDADE

No Centro Dramático Galego entendemos a sostibilidade como un principio transversal que orienta a nosa actividade artística e de produción. Por iso, integramos criterios de responsabilidade ambiental en todas as etapas dos procesos creativos, procurando reducir o impacto ecolóxico das nosas producións sen renunciar á calidade artística.

Na creación de escenografías favorecemos solucións que optimizan o uso dos materiais, limitan o emprego de produtos contaminantes e apostan por recursos máis sostibles e duradeiros. Do mesmo xeito, avanzamos cara a unha renovación progresiva dos sistemas de iluminación mediante a incorporación de tecnoloxía LED.

O vestiario, a utilaría e os elementos escenográficos forman parte dun modelo de xestión baseado na reutilización, a recuperación e a reciclaxe. Co obxectivo de compartir recursos e fortalecer o tecido escénico galego, o Centro Dramático Galego facilita tamén o acceso temporal ao

seu fondo de vestiario, utilaría e outros elementos escenográficos. Compañías profesionais, entidades culturais, asociacións e proxectos de teatro escolar, amator ou comunitario poden solicitar o préstamo destes materiais, sempre en función da súa dispoñibilidade e garantindo a súa correcta conservación.

Cada solicitude estúdase de maneira individual, atendendo ás características do proxecto, á finalidade artística, educativa ou social da petición e ao período de utilización previsto. As persoas ou entidades interesadas poden solicitar información ou iniciar o procedemento de préstamo a través do enderezo electrónico

centro.dramatico.galego@xunta.gal.

Con estas iniciativas, o Centro Dramático Galego promove un modelo de economía circular no ámbito das artes escénicas, optimizando os recursos públicos, favorecendo a colaboración entre axentes culturais e impulsando un sector máis sostible, comprometido e socialmente responsable.

12. PUNTO DE ENCONTRO

 Centro Dramático
Galego colabora
regularmente con
numerosas
institucións e colectivos de diversa
índole, o que lle permite
estar apegado á realidade social que o
rodeia e xerar sinerxías a través de:

Colaboracións transversais dentro da Xunta de Galicia coa Cidade da Cultura, as direccións xerais de Xuventude, Discapacidade, Emigración, Cultura ou a Secretaría Xeral da Lingua.

Colaboración con centros educativos

e de formación: Universidade de Santiago de Compostela, ESAD de Galicia, Escola Audiovisual de Vigo, IES A Pinguela, CIFP Paseo das Pontes e numerosos centros de ensino primario e secundario.

Colaboración con eventos e entidades sectoriais como Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Escena Galega, Academia Galega de Teatro, Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, DramaturGA, Unión Internacional da Marioneta (Unima)Galicia, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas ou Federación Galega de Teatro Afeccionado.

Colaboración con outras institucións

como Consello da Cultura Galega, Concello de Santiago de Compostela a través do Auditorio de Galicia, Museo do Pobo Galego, Fundación Manuel María, Fundación Eugenio Granell, Paideia, CSIC/INCIPIT, DOWN Galicia, AMPANXOGA, ONCE, FAPXG e numerosos concellos de Galicia.



**14 PRODUÇÕES
E COPRODUÇÕES**

**+80
ACTORES
E ACTRICES**

**+100
ARTISTAS NOS
EQUIPOS DE CREAÇÃO**

**+120
FUNÇÕES NO SALÓN TEATRO**

**+150
FUNÇÕES EN XIRA**

